



## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 23 de maio de 2013

### Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 23/05/2013.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 23/05/2013.
- III. Calendario Escolar dos Grados para o curso 2013-2014.
- IV. Calendario Escolar da Titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.
- V. Declaración de interese para a modificación dos títulos de Grao da Escola.
- VI. Declaración de interese para a proposta do título de Master Universitario en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo.
- VII. Declaración de interese para a modificación do título de Master Universitario en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóble.
- VIII. Acordo da Comisión Académica do Master Universitario en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóble.
- IX. Acordo da Comisión Académica do Master Universitario en Tecnoloxía Medioambiental.
- X. Normativa de Traballo Fin de Grao na E.T.S.E. de Minas.
- XI. Candidaturas presentadas para a renovación da Comisión Permanente da ETSE de Minas.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrió, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 8 de abril de 2013.**

Envíase por correo previamente aos membros da Xunta de Escola. A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 8 de febreiro de 2013. Unha vez aprobada será posta na sección de acceso restrinxido da web do centro. Recórdase que o usuario/clave de acceso é “descargas”.

### **2. Informe do Director.**

O director informa sobre:

- ❖ A Dirección enviou una carta-presentación as empresas do noso ámbito e a os orientadores dos centros preuniversitarios informando da oferta formativa do centro.
- ❖ A Dirección foi informada por a Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade de que ACSUG non realiza este ano o informe provisional de seguimento dos graos do centro ao centrarse nos títulos implantados no curso 2009-2010.



Os graos do centro serán avaliados internamente pola UVigo. Os procedementos do Sistema de Garantía Interna de Calidade dos centros vai a ser considerablemente reducido e en breve comezará o proceso xeralizado do proceso de certificación da implantación de los Sistemas de Garantía Interna de Calidade dos centros, FIDES 2.

- ❖ Encargáronse novas bolsas promocionais do centro, os interesados poden recollelas na delegación de alumnos e no negociado da escola.
- ❖ Actualizouse a páxina web do centro, esencialmente subindo a versión en galego da información pública dos títulos de grao do centro, creando una sección “como chegar”, colocando enlaces directos nas páxinas principais as redes sociais da escola (Facebook e Twitter) e ao seu canal YouTube.
- ❖ A Dirección mantivo unha reunión co Director da Unidade Técnica onde se fixo unha actualización das necesidades urxentes do centro da súa competencia.
- ❖ A Dirección participou nas Xornadas de Orientación Universitaria de A Coruña como complemento as visitas que diverso profesorado fai nos centros de ensino preuniversitario para promocionar a oferta educativa do centro.
- ❖ A Dirección reuniuse coa Dirección da Escola de Enxeñaría Industrial. A Dirección da ETSEM propuxo a creación dunha Comisión de Seguimento do título de grao de Enxeñaría da Enerxía cunha composición similar á da Xunta de Titulación orixinal do mencionado grao. A Dirección da ETSEM ofreceuse para asistir si fora necesario á Xunta de Titulación da Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo no momento de discutir a posible admisión dos graduados de Enxeñaría da Enerxía no futuro Máster de Enxeñaría Industrial.
- ❖ Constituíuse a Comisión Delegada da Xunta de Escola para a elaboración da proposta de Máster vinculado á profesión regulada de Enxeñaría de Minas, as actas desa comisión, unha vez aprobadas, estarán visibles na zona de descargas de acceso restrinxido da web do centro, dende o negociado enviarase un aviso á comunidade da escola.
- ❖ A Dirección mantivo unha reunión co Vicerreitor de Economía e Planificación onde se solicitou para o centro un Informático Técnico Especialista do Grupo III, con vinculación cando menos parcial, como os dous que xa existen na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. Tamén manifestamos a necesidade para o centro dun Técnico Especialista en Calidade, con vinculación cando menos parcial.
- ❖ A Dirección fixo unha solicitude na Convocatoria de axudas para o programa de cultura científica e da innovación do Ministerio de Economía e Competitividade para levar a cabo a Semana da Ciencia 2013 no centro.
- ❖ En varios laboratorios de informática 12 e 13 apareceron borrados os programas de conexión ao novo servidor. Procedeuse á modificación das contrasinais de administrador.



### **3. Aprobación, se procede, da data de celebración da festividade da patroa da Escola no curso 2013-2014.**

No calendario aprobado polo Consello de Goberno di que “en cada centro terá carácter festivo a data da súa festa propia. Todas as que non coincidan en luns ou venres, pasaranse a eses días”. No noso caso a festividade de Santa Bárbara é o mércores 4 de Decembro, e a proposta da Dirección é trasladar a celebración ao venres 29 de Novembro. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o mencionado cambio.

### **4. Aprobación, se procede, do calendario dos graos para o curso 2013-2014.**

Enviouse por correo a proposta de calendario. A suxestión do profesor Eduardo Liz decídese ampliar aos días 16 e 17 de Decembro o período de exames do primeiro cuadrimestre. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o calendario enviado previamente con esa modificación.

Achégase como ANEXO III a esta acta o calendario dos graos para o curso 2013-2014.

### **5. Aprobación, se procede, do calendario para a titulación de Enxeñaría de Minas no curso 2013-2014.**

Enviouse por correo previamente aos membros da Xunta de Escola. Por falta de aulas para os exames de Fin de carreira/Decembro solicitouse unha ampliación e foi concedida pola Secretaría Xeral. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o calendario enviado previamente.

Achégase como ANEXO IV a esta acta o calendario para a titulación de Enxeñaría de Minas no curso 2013-2014.

### **6. Aprobación, se procede, da declaración de interese para a modificación dos títulos de Grao que se imparten nesta Escola: Grao en Recursos Mineiros e Enerxéticos e Grao en Enxeñaría da Enerxía.**

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a declaración de interese para a modificación de ambos títulos. Serán convocadas de selo caso as correspondentes Xuntas de Titulación para a elaboración das modificacións que logo deberán ser aprobadas en Xunta de Escola.

Achégase como ANEXO V a esta acta a declaración de interese para a modificación dos títulos de Grao que se imparten nesta Escola: Grao en Recursos Mineiros e Enerxéticos e Grao en Enxeñaría da Enerxía.



**7. Aprobación, se procede, da declaración de interese para a proposta do título de Master Universitario en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo.**

Toma a palabra a profesora Elena Alonso Prieto, Coordinadora de la Comisión Delegada da Xunta de Escola para a elaboración da proposta de Máster vinculado á profesión regulada de Enxeñaría de Minas, para xustificar a necesidade da aprobación da correspondente declaración de interese. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, a súa aprobación.

Achégase como ANEXO VI a esta acta a declaración de interese para a proposta do título de Master Universitario en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo

**8. Aprobación, se procede, da declaración de interese para a modificación do título de Master Universitario en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóble.**

Toma a palabra a profesora Natalia Caparini Marín, coordinadora do Máster Universitario en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóble, para xustificar a necesidade da aprobación da correspondente declaración de interese. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, a súa aprobación.

Achégase como ANEXO VII a esta acta a declaración de interese para a modificación do título de Master Universitario en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóble.

**9. Aprobación, se procede, da suspensión do Máster Universitario en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóble, así como dos criterios que garantan o desenvolvemento das ensinanzas que iniciaran os estudantes xa matriculados neste Mester.**

Toma a palabra a profesora Natalia Caparrini Marín, coordinadora do Máster Universitario en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóble, para xustificar a necesidade da suspensión temporal do mencionado Máster así como dos criterios asociados. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, a súa aprobación.

Achégase como ANEXO VIII a esta acta o acordo da Comisión Académica de dito master.

**10. Aprobación, se procede, da substitución do Coordinador do Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental.**

A comisión académica do Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental o 08/04/2013 acordou aceptar a renuncia do profesor Leandro Rafael Alejano Monge e o nomeamento como coordinador do profesor Javier Taboada Castro. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a substitución na coordinación correspondente.

Achégase como ANEXO IX a esta acta a o acordo da Comisión Académica de dito Máster.



## 11. Aprobación, se procede, da normativa de Traballo Fin de Grao na E.T.S.E. de Minas.

Logo dun período de alegacións previo, enviouse por correo electrónico aos membros da Xunta de Escola unha proposta de normativa de Traballo Fin de Grao.

Durante o debate o Subdirector David Patiño Vilas, responsable principal da súa redacción, resposta a diversas intervencións. Detectáronse varias erratas e fixéronse varias modificacións menores. Con eses cambios a Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a normativa de Traballo Fin de Grao na E.T.S.E. de Minas

Achégase como ANEXO X a esta acta a normativa de Traballo Fin de Grao na E.T.S.E. de Minas aprobada.

## 12. Renovación, se procede, da Comisión Permanente da ETSE de Minas.

Por cambios na Dirección do centro procede a renovación de dúas prazas dentro do sector de PDI na Comisión Permanente:

- un suplente no ámbito de 2º curso dos graos
- un suplente no ámbito de 3º curso do grao de Enxeñaría da Enerxía

Presentadas respectivamente as candidaturas de Teresa Rivas Brea e Enrique Granada Álvarez, a Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar ambas candidaturas, de tal xeito que a comisión permanente queda conformada polos seguintes membros:

### MEMBROS DA DIRECCIÓN DA E.T.S.E. DE MINAS

DIRECTOR DA E.T.S.E. DE MINAS (Que a preside)
SECRETARIA DA E.T.S.E. DE MINAS
SUBDIRECTOR O SUBDIRECTORA DA E.T.S.E. DE MINAS

### SECTOR PDI

1º GRAOS	
ÁNGELES SAAVEDRA GONZÁLEZ (Titular)	ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ (suplente)
2º GRAOS	
MARTA CABEZA SIMÓ (Titular)	TERESA RIVAS BREA (suplente)
3º GRAO ENXEÑARÍA DA ENERXÍA	
JORGE C. MORÁN GONZÁLEZ (Titular)	ENRIQUE GRANADA ÁLVAREZ (suplente)
3º GRAO ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS	
FERNANDO GARCÍA BASTANTE (Titular)	LEANDRO ALEJANO MONGE (suplente)
TITULACIÓN DE ENXEÑARÍA DE MINAS	
MARÍA ARAÚJO FERNÁNDEZ (Titular)	JAVIER TABOADA CASTRO (suplente)

### SECTOR ALUMNOS:

TITULARES	SUPLENTES
ALEXANDRE CASAL ECHEVARRÍA	DIEGO FARO MALVAR
UXÍA CASTRO FILGUEIRA	IVÁN VELEIRO PINAL
JAIME GARCÍA IGLESIAS	ROSALÍA CARRILLO PÉREZ
MARIOLA JUNCAL ROSALES	MARCOS GONZÁLEZ BELLO



## SECTOR PAS

TITULAR	SUPLENTE
M <sup>a</sup> CARMEN ROMO PÉREZ	

Achéganse como ANEXO XI a esta acta as candidaturas presentadas.

### 13. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

A Comisión de Garantía Interna de Calidade da E.T.S.E. de Minas o 7 de maio do 2013 aprobou o Informe do Seguimento do Plan Anual de Melloras (PAM) do curso 2010-2011 (IT03-PM01\_2013) e as Propostas do Plan de Accións de Melloras do curso 2011-2012 para os títulos do centro (IT04-PM01\_2013, IT04-PM01\_Grado\_IE\_11-12, IT04-PM01\_Grado\_IRME\_11-12, IT04-PM01\_Master\_TMA\_11-12, IT04-PM01\_Master\_TPA\_11-12).

Enviáronse por correo os enlaces a estes documentos que están visibles na zona de descargas de acceso libre da web do centro.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar dita documentación.

### 14. Rogos e preguntas.

O alumno Don Jaime García Iglesias comenta a posibilidade de solicitar á Vicerreitoría correspondente que se abra un período extraordinario de anulación de matrícula para o TFG coa finalidade de que os alumnos que se tiveran matriculado ao inicio do curso e finalmente non teñan a posibilidade de presentar dito traballo, no curso académico correspondente, por non ter superado todas as materias poidan anular dita matrícula e esto non supoña un prexuízo económico para os alumnos.

A alumna Dona Gema Gómez Pérez solicita a instalación dunha fonte similar as que existen xa no centro, nas inmediacións da Biblioteca.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 5 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e tres de maio de dous mil trece.

Vº e Prace  
O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



## ANEXO I

### Convocatoria de Xunta de Escola do 23/05/2013



## **ANEXO II**

**Asistentes á Xunta de Escola do 23/05/2013**





## Asistentes Xunta de Escola ordinaria 23/05/2013

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Álvarez Vázquez, Lino José
6.	Cabeza Simó, Marta
7.	Carrillo González, Camilo José
8.	Eguía Oller, Pablo
9.	García Bastante, Fernando
10.	Izquierdo Pazó, Milagros
11.	Lanaja del Busto, José M <sup>a</sup>
12.	Liz Marzán, Eduardo
13.	Mandado Vázquez, Alfonso
14.	Morán González, Jorge
15.	Orche García, Enrique
16.	Patño Vilas, David
17.	Pérez Pérez, M <sup>a</sup> Carmen
18.	Rivas Brea, Teresa
19.	Saavedra González, Ángeles
20.	Taboada Castro, Javier
21.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Casal Echevarría, Alexandre
3.	Castro Filgueira, Uxía
4.	Faro Malvar, Diego
5.	García Iglesias, Jaime
6.	Gema Gómez Pérez
7.	González Bello, Marcos
8.	Juncal Rosales, Mariola
9.	López Pereira, Alejandro
10.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
11.	Puga Alonso, Javier
12.	Sanmartín Rey, Susana
13.	Veleiro Pinal, Iván
14.	Vidal Fontenla, Alejandro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen

<b>Total membros Xunta de Escola :</b>	<b>51</b>
<b>Asistentes</b>	<b>36</b>



## ANEXO III

### Calendario escolar dos graos para o curso 2013-2014



## ANEXO IV

### **Calendario escolar da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014**



## ANEXO V

### **Declaración de interese para a modificación dos títulos de Grao da Escola**



## ANEXO VI

### **Declaración de interese para a proposta do título de Máster Universitario en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo**



## ANEXO VII

### **Declaración de interese para a modificación do título de Master Universitario en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio cultural Inmoble**



## ANEXO VIII

### **Acordo da Comisión Académica do Master Universitario en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóble**



## ANEXO IX

### **Acordo da Comisión Académica do Master Universitario en Tecnoloxía Medioambiental**





## ANEXO X

### Normativa do Traballo Fin de Grao na E.T.S.E. de Minas



## ANEXO XI

### **Candidaturas presentadas para a renovación da Comisión Permanente**